




Santa María de Cela

Non podemos estudiala igrexa de Santa María de Cela ignorando o feito de que sexa unha fundación monacal na que influía no seu desenvolvemento arquitectónico, dándolle ese carácter diferencial. A fundación non é outra que a orde Sanxoanista que dentro do estilo románico aportará os comúns da orde co cal podemos falar dunha traza e estrutura sanxoanista dos templos.

Cronolóxicamente, sitúase a súa edificación na segunda metade do século XII, época da presenza dos cabaleiros hospitalarios no Morrazo, que, nas súas edificacións deixarán o selo do artífice.

No presbiterio; SANTA MARÍA. Coroada coas súas doce estrelas e o neno no seu regazo, é a patrona e titular desta parroquia. A imaxe simboliza a ascensión e a



elevación de María, a virxe, os ceos pólos anxos do Señor. A súa festividade celébrase o día 15 de agosto, e con ela, dan comezo ás festas patronais desta parroquia.

Antigamente, na súa honra, tiña lugar a romería da Asunción na "Devesa do Rei", actual Devesanova, sita no monte de Chans desta feligresía, cando aínda non existían o eirado do recinto parroquial das festas.

A imaxe actual é unha obra feita polo escultor Sr. Rivas, de Santiago de Compostela, no ano 1947, a súa devoción queda presente en dúas das principais actividades desta terra, como son a agricultura en particular o cultivo da vide, e da pesca, tal e como rezan estas dúas cuartetas asonantadas.